

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E FUNDACIÓN UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA ACTUACIÓNS DE ACCIÓN HUMANITARIA E DE EMERXENCIA

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. O artigo 84 da citada Lei enuncia entre as modalidades de cooperación económico-financeira a acción humanitaria e axuda de emerxencia que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados, así como das poboacións en situación de vulnerabilidade extrema, cun enfoque de dereitos humanos e impulsando a protección das vítimas e a aplicación do dereito internacional humanitario. Tamén inclúe as actuacións de prevención de desastres e de redución e mitigación de riscos cun enfoque de resiliencia, a axuda alimentaria e sanitaria de emerxencia e a asistencia a persoas refuxiadas, desprazadas internas e migrantes forzosas.

(2) Antecedentes: O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir cambios reais nas vidas de millóns de nenos/as, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. UNICEF Comité Galicia é un dos comités que a nivel autonómico contribúen co traballo que se realiza en favor da infancia e na resposta ante emerxencias. UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités

[Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE](#)
Rúa Hórreo, 61
15701 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 002
sunioneu@xunta.gal



autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A Xunta de Galicia ten subscritos convenios con esta entidade en varias ocasións anteriores como resposta inmediata a crises humanitarias e principalmente destinados a sufragar gastos en axuda humanitaria

Dando continuidade a esta colaboración o 30/04/2025 asinouse un convenio de colaboración con UNICEF, por un período de realización que abrangue ata o 31 de decembro de 2025, para actuacións de acción humanitaria e emerxencia por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á colaboración con UNICEF Comité Español para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencias en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, tense previsto formalizar unha addenda ao convenio asinado con data 30/04/2025.

(4) A addenda, ao igual que o convenio, ten por **obxecto** atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural o humano, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/u outro material de primeira necesidade), e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfase en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

Para o desempeño destas accións, UNICEF lidera e presta o seu apoio aos clústeres de auga, saneamento e hixiene, educación, nutrición, VIH/SIDA, e o subclúster de protección da infancia (dentro do Clúster de protección), así como desempeña un papel moi activo no clúster de saúde, a pesar de que este está liderado pola OMS.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención das emerxencias, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a necesidade da súa urxente posta en marcha, así como a [Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE](mailto:sunioneu@xunta.gal)
Rúa Hórreo, 61
15701 Santiago de Compostela
T. +34 981 541 002
sunioneu@xunta.gal



natureza específica da entidade destinataria, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e maila natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará a addenda ao convenio cunha achega total de 30.000 € (trinta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0, co que a dotación total do convenio será de 80.000,00 € (oitenta mil euros).

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda ao convenio para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

